

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE XULLO DE 2014.**

Presidente Accidental:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZAS DE OBRAS.

1.1.- Acordouse ACEPTAR A RENUNCIA DA EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA obtida por resolución da Xunta de Goberno Local para a execución de soleira de formigón en lugar de Toxo, parroquia de Goiás.

2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

2.1.- Acordouse CONCEDER licenza de actividade para efectuar a instalación de



Secretaría Xeral
invernadoiro e almacén en Ribas Altas, Filgueira.

3.- ACORDO EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA.

3.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA en relación á colocación de tella cerámica sobre chapas de fibrocemento en A Varela, da parroquia de Vilatuxe, e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.

3.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para levar a cabo a reparación de fachada dunha edificación sita en Av. Luís González Taboada de Lalín, e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.

3.3.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para efectuar o cambio de cubrición dunha edificación sita no lugar de Feás, e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.


3.4.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para construír muro de contención e de peche nunha parcela situada no lugar de Ribas Altas, parroquia de Filgueira, e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse aprobar o informe emitido polo Técnico Municipal en relación ás obras de conservación e restauración de cuberta en edificación de usos agrícolas no lugar de Igrexa da parroquia de Madriñán e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria.

5.-EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse niciar o expediente para a concesión do uso privativo dun local sito no Edificio Polideportivo Multiusos Lalín Arena, “CONCURSO PARA OUTORGAR UN LOCAL VACANTE NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO MULTIUSOS LALÍN ARENA (BC012014), mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con canon mínimo anual de licitación de 2.678,28 € e un período concesional de 2 anos, prorrogables por outros dous máis.



Secretaría Xeral

5.2.- Acordouse adxudicarlle o contrato de obras denominado “MELLORAS EN SISTEMAS DE DEPURACIÓN EN ZONA RURAL E ACONDICIONAMENTO RÍO FLUVIAL PONTIÑAS” (CO032014) a CONSTRUCCIONES RAFER, S.L., polo importe de 96.074,00 €, máis a partida de 20.175,54 € correspondente ao IVE, 116.249,54 €, IVE incluído, e un prazo de execución de 50 días naturais, por ser a oferta economicamente economicamente máis vantaxosa.

5.3.- Acordouse adxudicarlle a subministración denominada “ALUGAMENTO OU “RENTING” DE IMPRESORAS E FOTOCOPIADORAS PARA O CONCELLO DE LALÍN” (CSU042014), a FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L., polos seguintes importes:

Prezo sen IVE: 12.084,00 €/anuais.

Imposto sobre o valor engadido: 2.537,64 €/anuais.

TOTAL: 14.621,64 €/anuais.

Cota fixa mensual sen IVE: 1.007,00 €.

Imposto sobre o valor engadido: 211,47 €.

TOTAL Cota fixa mensual: 1.218,47 €.

Custo por impresión B/N: 0,00514 € (IVE excluído).

Custo por impresión cor: 0,029 € (IVE excluído).

Por ser a oferta economicamente máis vantaxosa.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono de diversas facturas por importe total 11.496,66 euros.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de persoal en relación á subvención concedida ao Concello ao abeiro dos Programas de Cooperación, Xunta – Entidades Locais, para o ano 2013 para o servizo “APOIO AO DEPARTAMENTO DE OBRAS”.

7.2.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de contratación de 17 peóns correspondentes á subvención concedida ao abeiro do SEGUNDO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2013.

7.3.- Acordouse aprobar as tarifas da taxa de recollida e tratamento de lixo en



Secretaría Xeral

relación á vivenda, a varios beneficiarios, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial, así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social.

7.4.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade, por importe de 150,00 euros.

7.5.- Acordouse contratar coa entidade Virocem S.L. Control de Ruídos, a prestación do servizo para a realización de medicións dos ruídos cun aparato homologado, con suxeición ao réxime dos contratos menores.

8.- CORRECCIÓN DE ERROS.

8.1.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada o día 14 de xullo de 2014, no punto 9.7. escritos e comunicacións, en relación aos festivos locais do ano 2014, e acordouse corrixir o mesmo.

8.2.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada o día 14 de xullo de 2014, no punto 4.4. Expedientes de contratación, e acordouse corrixir o mesmo.

8.3.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada o día 23 de xullo de 2014, no punto 10.8. Propostas dos Sres. Concelleiros Delegados, e acordouse corrixir dito erro.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Deuse conta dun escrito no que se solicita autorización municipal para o estacionamento dun autobús do C.D. Lalín na Praza da Igrexa durante o mes de agosto dirixida á captación de socios, e se acorda acceder ao solicitado.

9.2.- Deuse conta dun escrito solicitando autorización para colocar na Praza da Igrexa, o día 8 de agosto de 2014, un pequeno escenario encamiñado á actuación dun *mag*o e representar *unha actuación de maxia* para todos os públicos, e acordouse conceder autorización para dito acto.

9.3.- Deuse conta dun escrito no que se solicita autorización municipal para a realización no Concello de Lalín de campañas informativas e de concienciación para a captación de donantes de órganos para transplantes os días 20 e 27 de agosto de 2014 e 6 e 13 de setembro de 2014, e se acordou acceder ao solicitado.

=====

